

VI435A Subvencións para a adquisición de vivanda do Plan estatal de vivanda 2018-2021.

Poderán beneficiarse destas axudas as **persoas físicas maiores de idade que, tendo menos de 35 anos na data de presentación** da correspondente solicitude, reúnan os seguintes requisitos:

- Posuír a nacionalidade española ou, no caso de seren estranxeiras, ter a residencia legal en España.
- Que os ingresos anuais das persoas que compoñen a súa unidade de convivencia sexan iguais ou inferiores a tres veces o indicador público de renda de efectos múltiples (en diante, IPREM), catro veces se se trata de familia numerosa o na familia hai persoas con discapacidade
- Ter subscrito con **posterioridade ao 1 de xaneiro de 2021 un** contrato privado ou, de ser o caso, unha escritura pública de adquisición dunha vivanda, que reúna os seguintes requisitos:
 - Que a vivanda estea localizada **nun concello** pertencente ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia de **menos de 5.000 habitantes..**
 - Que o prezo de adquisición da vivanda, incluídos os seus anexos, sen os gastos e tributos inherentes a ela, sexa igual ou **inferior a cen mil euros.**
 - Que se **trate dunha vivanda xa construída.** Para estes efectos, admitiranse tanto as vivendas novas como as usadas.
- Que a persoa solicitante e as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia estean empadroadas na vivanda adquirida no momento de presentación da correspondente solicitude, para o caso de dispoñer de escritura pública de compravenda formalizada con anterioridade á data da presentación da correspondente solicitude.
- Así mesmo, **poderán solicitar as citadas axudas aquelas persoas que presentasen unha solicitude de subvención ao abeiro da Resolución do 19 de decembro de 2019 pola que se convocaron as subvencións para a adquisición de vivanda xestionadas polo IGVS para o ano 2020** (DOG núm. 23, do 4 de febreiro de 2020), e lles fose denegada por esgotamento do crédito previsto na convocatoria. Neste caso, deberán cumprir todos os requisitos sinalados neste ordinal, excepto o referido á data de adquisición da vivanda.

Contía das axudas

A contía da axuda para a adquisición será de ata **dez mil oitocentos euros por vivanda, co límite do 20 % do prezo de venda,** sen incluír os gastos e tributos inherentes a esa adquisición.

Prazo: Ata 01/09/2021